

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DE GOBERNO DOS DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTO E DOS DIRECTORES/AS DE INSTITUTO UNIVERSITARIO DE INVESTIGACIÓN, DE ESCOLA DE DOUTORAMENTO E DOUTRAS ESTRUTURAS UNIVERSITARIAS DE INVESTIGACIÓN

Segundo establece o artigo 79 e) dos Estatutos da USC integran o Consello de Goberno, entre outros membros, “cinco representantes dos directores de departamento, un por cada grande rama de coñecemento” e “dous representantes dos directores de instituto universitario de investigación, dos directores de escola de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación”. O Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno, nos seus artigos 5 e 6, establece que as eleccións celebraranse consonte ao disposto no Regulamento Electoral Xeral da USC (REX), que se refire a esta elección nos seus artigos 59 e 60.

Tendo en conta o anterior, conforme ao acordado pola Comisión Electoral Central o día 9 de novembro de 2022, o reitor RESOLVE:

Primeiro.- Convocar eleccións para elixir representantes dos/das directores/as de departamento e dos directores/as de instituto universitario de investigación, directores de escola de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación no Consello de Goberno, de conformidade cos Estatutos da USC, o REX e as seguintes normas de desenvolvemento:

1. Elixiranse cinco representantes dos directores/as de departamento, un por cada grande área de coñecemento, e dous representantes dos directores/as de instituto de investigación, de escola de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación que reúnan os requisitos establecidos no artigo 60.3 do REX.

Para a elección de representantes dos directores/as de departamento a circunscrición será a grande área de coñecemento e para a de representantes dos directores/as de instituto de investigación, de escola de doutoramento e doutras estruturas de investigación a circunscrición será única.

2. Para ser **elixible** deberase reunir a condición de director/a de departamento ou director/a de instituto de investigación, de escola de doutoramento ou doutras estruturas universitarias de investigación na data de presentación da candidatura e mantela ata a celebración das eleccións, e non ser membro do Consello de Goberno en representación doutro colectivo no momento da convocatoria.
3. Para ser **elector/a** deberase reunir a condición de director/a de departamento ou director/a de instituto de investigación, de escola de doutoramento ou doutras estruturas universitarias de investigación na data da votación.

A relación de electores/as e elixibles figura no anexo I desta convocatoria.

4. O censo publicarase o día 10 de novembro de 2022. Poderanse presentar reclamacións contra o censo ata o día 15 de novembro, inclusive. A proclamación definitiva do censo terá lugar o día 16 de novembro.
5. Poderanse presentar **candidaturas** entre o día 16 e o 21 de novembro de 2022, ambos inclusive. A Secretaría Xeral fará a proclamación provisional de candidatos/as o día 22 de novembro, que poderá ser recorrida ata as 14:00 h. do día 24 de novembro ante a Comisión Electoral Central. Esta, ou a Secretaría Xeral no caso de que non houberse recursos, fará a proclamación definitiva o día 25 de novembro. A presentación farase conforme ao indicado no punto 9.
6. A **votación será electrónica** conforme ao establecido no anexo II e terá lugar o día **28 de novembro entre as 09:00 e as 14:00 horas**. O sorteo de membros da mesa electrónica farase na Secretaría Xeral o día 22 de novembro.
7. Cada elector/a poderá dar o seu voto a un só candidato/a na súa respectiva circunscrición.
8. Feito o escrutinio, a Secretaría Xeral proclamará provisionalmente os/as candidatos/as electos/as o día 29 de novembro. A proclamación poderá ser recorrida ata o día 1 de decembro, inclusive, ante a Comisión Electoral

Central, que resolverá e fará a proclamación definitiva o día 2 de decembro. No caso de que non se presenten recursos a Secretaría Xeral confirmará o resultado.

9. Os escritos de candidaturas, reclamacións e recursos deberanse presentar a través do rexistro electrónico, antes das 14:00 horas da data de remate do seu prazo de presentación.

Segundo.- O calendario do proceso electoral recóllese o calendario no anexo III desta resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O REITOR

Antonio López Díaz

Sra. secretaria xeral e secretaria da Comisión Electoral Central
Sres/as. directores/as de Departamento
Sres/as. directores/as de Instituto Universitario de Investigación
Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional
Sres/as. directores/as de Outras estruturas de investigación

ANEXO I

DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTO

Circunscripción : **CIENCIAS DA SAÚDE**

Anatomía e Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias	Marta Inés Miranda Castañón
Bioquímica e Bioloxía Molecular	Jaime José Gomez Márquez
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría	José Ignacio Muñoz Barús
Ciencias Morfolóxicas	José Luis Labandeira García
Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Ángel Luis Fernández González
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	Dolores Viña Castelao
Fisioloxía	Juan Bautista Zalvide Torrente
Microbioloxía e Parasitoloxía	Ana María Otero Casal
Patoloxía Animal	Joaquín Hernández Bermúdez
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	Francisco Caamaño Isorna

Circunscripción : **CIENCIAS**

Bioloxía Funcional	José Carlos Rubén Retuerto Franco
Botánica	Rosa Ana Vázquez Ruiz de Ocenda
Edafoloxía e Química Agrícola	María del Carmen Monterroso Martínez
Estatística, Análise Matemática e Optimización	Pedro Faraldo Roca
Física Aplicada	Josefa Salgado Carballo
Física de Partículas	Cibrán Santamarina Ríos
Matemática Aplicada	Patricia Barral Rodiño
Matemáticas	Antonio Mariano Gómez Tato

Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	Carmen María García Jares
Química Física	Antonio Fernández Ramos
Química Inorgánica	José Manuel Vila Abad
Química Orgánica	Mercedes Torneiro Abuín
Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física	José Carlos Zapata Babío

Circunscrición : CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Ciencias da Comunicación	José Soengas Pérez
Ciencia Política e Socioloxía	Jorge Sobral Fernández
Dereito Común	Marta Carballo Fidalgo
Dereito Público Especial e da Empresa	Miguel Abel Souto
Dereito Público e Teoría do Estado	Luis Míguez Macho
Didácticas Aplicadas	José Ángel Armas Castro
Economía Aplicada	Edelmiro López Iglesias
Economía Cuantitativa	Xulia Guntín Araujo
Economía Financeira e Contabilidade	María Loreto Fernández Fernández
Fundamentos da Análise Económica	Melchor Fernández Fernández
Organización de Empresas e Comercialización	María del Carmen Castro Casal
Pedagogía e Didáctica	Miguel A. Santos Rego
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	María del Carmen Míguez Varela
Psicoloxía Evolutiva e da Educación	María del Carmen Torres Maroño
Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía	Elena María Andrade Fernández
Xeografía	Rubén Camilo Lois González

Circunscrición : ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

Electrónica e Computación	Antonio Jesús García Loureiro
Enxeñaría Agroforestal	Pablo Vila Lameiro
Enxeñaría Química	Juan Manuel Garrido Fernández
Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	Martín Barrasa Rioja

Circunscrición : ARTES E HUMANIDADES

Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	Francis J.A. Bueno Benedict
Filoloxía Galega	Francisco A. Cidrás Escáneo
Filoloxía Inglesa e Alemá	Elsa María González Álvarez
Filosofía e Antropoloxía	José Luis Falguera López
Historia	Daniel Lanero Táboas
Historia da Arte	Federico Antonio López Silvestre
Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral	María Belén López Meirama

**DIRECTORES/AS DE INSTITUTO UNIVERSITARIO, DE ESCOLA DE DOUTORAMENTO E DOUTRAS
ESTRUTURAS UNIVERSITARIAS DE INVESTIGACIÓN**

Circunscrición: ÚNICA

Instituto da Lingua Galega (ILG)	Xosé Luis Regueira Fernández
Instituto de Acuicultura (IA)	Carlos Pereira Dopazo
Instituto de Análises Químicas e Biolóxicas (IAQBUS)	José Manuel Leiro Vidal
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)	Pablo Ramil Rego
Instituto de Ciencias da Educación (ICE)	Ana Mª Porto Castro
Instituto de Ciencias Forenses “Luis Concheiro” (INCIFOR)	María Victoria Lareu Huidobro
Instituto de Criminoloxía	Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas
Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)	Mª Dolores Riveiro García
Instituto de Materiais (IMATUS)	Carmen Isabel Álvarez Lorenzo
Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)	Carlos Alberto Salgado López
Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	José Luis Mascareñas Cid
Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)	Carlos Diéguez González
Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	Senén Barro Ameneiro
Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)	Mª Teresa Moreira Vilar
Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP)	María Teresa Cancelo Márquez
Centro de Estudos de Seguridade (CESEG)	José Julio Fernández Rodríguez
Centro de Estudos do Sahara Occidental (CESO)	Carlos Ruiz Miguel
Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)	Miguel Pazos Otón
Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE)	María Xesús Nogueira Pereira
Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)	Teresa Moure Pereiro

Centro de Responsabilidade Social, Goberno Corporativo e Protección do Investidor (CERGI)	Francisco Germán Hernández Rodríguez
Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)	Pablo Taboada Antelo

ANEXO II

PROCEDEMENTO ELECTORAL

Sistema electoral electrónico

1.- O sistema electoral consistirá na emisión de votos dende un dispositivo conectado a Internet ata unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Comisión Electoral Central da USC.

A USC garantirá que a infraestrutura tecnolóxica que dá soporte ao sistema electoral contemple as medidas de seguridade que garantan o correcto funcionamento durante o período no que se exerce o dereito ao voto, o secreto e a privacidade do votante, a integridade do voto e un escrutinio disociado.

2.- O sistema electoral electrónico será o seguinte:

a) Reúnese a Mesa electoral electrónica que estará composta por tres membros, nomeados pola Comisión Electoral Central, logo dun sorteo (presidente e vogais). Na reunión tamén poderán estar presentes os/as interventores/as designados, e o equipo de apoio responsable do mantemento do voto electrónico. Reuniranse a primeira vez cunha antelación mínima dunha hora ao inicio da votación no lugar que determine a Comisión Electoral Central.

Para a válida constitución da Mesa electoral electrónica fará falta a asistencia dos tres membros.

b) O presidente da Mesa Electoral Electrónica deberá iniciar o sistema de elección o día e á hora indicada na convocatoria de eleccións. Ningún elector/a poderá acceder á dirección electrónica que dá acceso á páxina web electoral fóra do horario establecido para a votación.

3.- A votación realizarase unha soa vez, sendo este o voto válido emitido.

4.- O sistema de votación contemplará a posibilidade de emitir votos a persoas e votos en branco. Non existirán votos nulos.

Sistema de votación

1.- O voto electrónico emitirase desde calquera ordenador conectado a Internet.

2.- Os electores/as terán que conectarse a través da súa Secretaría Virtual, ou ben dende a páxina web electoral, na que se habilitará un enlace á aplicación de voto. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Comisión Electoral Central ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas e resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo evoto@usc.es.

3.- Os electores/as identificaranse coas claves de acceso á Secretaría Virtual.

4.- Na pantalla de votación constarán relacionadas as candidaturas proclamadas, así como a opción de voto en branco. Unha vez realizada a opción de voto, terase que premer "Emitir o voto" e, a continuación, mostrarase a candidatura ou as candidaturas escollida/s e solicitarase a confirmación da opción elixida. En caso de non querer confirmala, o elector/a terá a posibilidade de realizar unha nova selección.

5.- Unha vez confirmada a opción de voto, codificarase o voto coa clave de codificación/cifra. Seguidamente, tense que asinar o voto do elector/a e tense que remitir á urna dixital remota.

6.- Unha vez finalizado o procesamento do voto, darase opción a imprimir ou gardar un recibo cun código de control, que permitirá comprobar ao elector/a que o seu voto foi emitido e utilizado no escrutinio.

7.- As votacións realizadas por este sistema substitúen ás votacións con urna e os resultados serán vinculantes, sen que sexa necesario establecer sistemas alternativos para a votación presencial.

Administración Electoral

A Comisión Electoral Central será a responsable do procedemento electoral e da custodia dos votos emitidos. Entre as súas funcións cómpre destacar:

- a) Resolver as incidencias do procedemento e difundir os acordos adoptados pola resolución das mesmas.
- b) Publicar e difundir os resultados do escrutinio.
- c) Resolver as reclamacións e recursos

Pola súa banda, a Mesa Electoral Electrónica encargárase da apertura da urna electrónica en presenza dos interventores; responsabilizárase da custodia da clave descifradora para permitir o escrutinio e realizará o escrutinio.

Poderá existir unha Mesa de administración nomeada pola Comisión Electoral Central para resolver as incidencias técnicas ou administrativas que se poidan producir durante a votación electrónica na que colaborará un equipo de apoio técnico que asesorará en aspectos tecnolóxicos.

Se por causas de forza maior ou por calquera incidencia técnica non fose posible iniciar o acto da votación ou do escrutinio, ou se tivese que interromper unha vez iniciados, a Comisión Electoral, en función da duración e natureza da causa ou incidencia e doutras circunstancias, poderá adoptar calquera das solucións seguintes:

- a) Prorrogar a duración do período da votación electrónica polo tempo que estime conveniente.
- b) Suspende ou aprazar a votación ou o escrutinio.
- c) Acordar, excepcionalmente, que a votación se leve a cabo polo sistema tradicional, indicando os prazos pertinentes e resolvendo as restantes cuestións que se estime oportunas.

No caso de que se opte polas solucións b) ou c) e cando algún elector/a tivese votado, a Comisión Electoral Central poderá acordar a destrución dos votos e das claves criptográficas. Neste caso, o electorado afectado volverá a exercer o seu dereito de sufraxio co sistema e data que se acorde.

Se a anomalía comporta a substitución de calquera dos computadores que conforman o sistema informático electoral, a Comisión Electoral Central da Universidade poderá ordenar a súa reposición ou a destrución dos votos e das claves criptográficas.

Se o que se ten que substituír é a urna electrónica, a Comisión Electoral Central decidirá cando proceder á destrución dos votos e das claves criptográficas.

O presidente da Comisión Electoral Central comunicará as medidas acordadas ao órgano competente a fin de que informe ao electorado afectado e proceda a publicalas na páxina web electoral.

As incidencias xurdidas ao longo do procedemento e as medidas de resolución adoptadas faranse constar en acta.

A Secretaría Xeral da Universidade coidará do correcto desenvolvemento da convocatoria electoral e asegurará a disposición de medios para a votación.

Escrutinio do voto

1.- Acabadas as votacións electrónicas, os membros da Comisión Electoral Central reuniranse no lugar que o presidente determine.

2.- Os membros da Mesa Electoral Electrónica, con presenza dos interventores/as e, no seu caso, dos asesores técnicos do voto electrónico procederán a reconstruír a clave descifradora, descodificar os votos e iniciar o escrutinio. En todo caso, será necesaria para a reconstrución da clave descifradora a presenza dos tres membros da Mesa Electoral Electrónica. Se algún destes membros extraviase a súa fracción de clave terá que xustificalo e comunicalo ao presidente, debéndose facer constar esta incidencia na acta da sesión.

3.- Cada un dos membros da Mesa Electoral Electrónica achegará a fracción da clave descifradora que lle corresponde e a descodificará co seu certificado dixital. Así se reconstruír a clave mencionada que permitirá interpretar o contido dos votos electrónicos. A continuación, iniciárase o escrutinio electrónico.

4.- O proceso de descifrado dos votos ten que garantir que se impida coñecer a identidade dos votantes.

5.- O presidente da Comisión Electoral publicará o resultado provisorio das eleccións por centros, sectores e subsectores conforme aos calendarios e procedementos establecidos nesta convocatoria.

6.- Agás no caso de impugnación, unha vez transcorrido o prazo de catro meses desde a proclamación dos representantes electos o presidente da Comisión Electoral, en presenza da secretaria xeral, e se é o caso, do asesoramento técnico pertinente, procederá á destrución tanto da clave descifradora que permite abrir a urna electoral como dos votos electrónicos depositados na urna electrónica remota.

Non se poderán destruír os votos electrónicos que fosen obxecto de impugnación, reclamación ou dúbida, nin polo tanto a clave descifradora. Esta e os votos electrónicos custodiaranse e conservaranse ata que finalice o procedemento correspondente.

Ata a destrución da clave descifradora e dos votos electrónicos depositados na urna electrónica, a Mesa Electoral Electrónica custodiará a clave descifradora e os votos electrónicos depositados na urna electrónica, de acordo co procedemento seguinte:

- Cada membro da Mesa Electoral Electrónica introducirá nun sobre a tarxeta coa parte da clave criptográfica mencionada, e nun sobre separado os códigos PIN e PUK da tarxeta. Todos os sobres terán que estar debidamente pechados e asinados de forma manuscrita.
- Gardarase nun soporte informático a lista de votos electrónicos cifrados.

A secretaria xeral conservará toda a información xerada durante o proceso electoral para garantir que os votos emitidos non sexan alterados e gardaos na caixa forte de seguridade da Universidade, baixo a súa custodia.

ANEXO III
CALENDARIO

Publicación do censo	10 de novembro
Prazo de reclamacións contra o censo	Ata o día 15 de novembro
Proclamación definitiva do censo	16 de novembro
Presentación de candidaturas	Dende o día 16 ao 21 de novembro
Proclamación provisional de candidatos/as Sorteo dos membros das mesas	22 de novembro
Recursos contra a proclamación provisional de candidatos/as	Ata o día 24 de novembro
Proclamación definitiva de candidatos/as	25 de novembro
Votación	28 de novembro, de 09:00 a 14:00 h
Proclamación provisional de candidatos/as electos/as	29 de novembro
Recursos contra a proclamación provisional de candidatos/as electos/as	Ata o día 1 de decembro
Proclamación definitiva de candidatos/as electos/as	2 de decembro

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/11/2022 12:14:58.

CSV: 11E2-4575-4589-9C83